



CONCELLO DE REDONDELA

## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-2469, con data de 11/10/2021, pola que resolveu corrixir un erro material da resolución pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de concurso do proceso selectivo que se convocou para o nomeamento en comisión de servizos de postos da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, na cal se establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-2463, con data de 08/10/2021, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de concurso do proceso selectivo que se convocou para o nomeamento en comisión de servizos de postos da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece no artigo 109.2 que: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Tras detectarse un erro material no punto cuarto da antedita resolución e en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e das competencias que me asigna a lexislación local vixente, é polo que,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro material existente no punto cuarto da parte resolutiva da Resolución núm.: 2021-2463, con data de 08/10/2021, polo que, onde di:

“A constitución do tribunal e a realización da fase de concurso terá lugar o:

DÍA: 14/09/2021

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, s/n.”

Debe dicir:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: M2LMPWVWVNZF5Q6QRHQKLVXWRCC | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE REDONDELA

“A constitución do tribunal e a realización da fase de concurso terá lugar o:

DÍA: 14/10/2021

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, s/n.”

SEGUNDO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución para os efectos oportunos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: M2LMPWVWVNZF5Q6QRHQKLVWRCC | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C